

Documento	Expediente	Fecha
CONYI05M	CON/7/2014	17-02-14 13:26

Asunto

Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS, PERDIDOS, DOMÉSTICOS OU SALVAXES DE COMPETENCIA MUNICIPAL NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a prestación do Servizo de recollida de animais abandonados, perdidos, feridos ou enfermos, domésticos ou salvaxes susceptibles de ser transportados na unidade móbil que o contratista disporá para a prestación do servizo cun peso máximo de 100 kg. No caso de animais de maior peso, darase igualmente cobertura para a localización, control e manexo do animal para preservar a súa integridade e a da poboación, sen prexuízo de que o animal sexa transportado por outros medios onde a autoridade sanitaria decida, sempre dentro do termino Municipal de Santiago de Compostela.

PRESTACIÓN DE SERVIZO.

O Servizo será prestado por persoal cualificado.

O servizo prestarase de xeito ininterrompido as 24 horas do día durante todos os días que dure o contrato incluídos domingos e festivos, e prestarase de xeito inmediato á recepción do aviso de asistencia. **Penalizaranse economicamente, de acordo co previsto no prego administrativo de aplicación, os retrasos superiores a 45 minutos na prestación do servizo que no estén xustificadas.**

O contratista disporá dun teléfono onde recibirá os avisos por parte dos Servizos técnicos do Concello, de persoal do Refuxio ou da Policía Municipal.

O contratista realizará campañas de recollida dos animais abandonados nas zonas onde se programe expresamente polos técnicos do Concello.

Así mesmo, disporá dunha unidade móbil adaptado para o transporte dos animais obxecto deste contrato, dotado de bozos, correas, luvas para gatos, lazos, gaiolas estáticas, gaiolas trampa, así como para a realización das probas de identificación, que permita o traslado e/ou a inmovilización dos animais, atendendo en todo caso o establecido no capítulo VI do Decreto 153/1998 do 2 de abril polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

A desinfección e desinsectación do vehículo debe realizarse despois de cada servizo e debe estar portocolizada e garantida.

O contratista levará un rexistro actualizado das intervencións solicitadas nas que polo menos deberá constar a data e hora tanto do aviso como da actuación, a procedencia do mesmo, a

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONYI05M	<i>Expediente</i> CON/7/2014	<i>Fecha</i> 17-02-14 13:26

especie, raza, sexo, capa, e grupo da idade do animal e o destino final do mesmo. Cada actuación será comunicada vía e-mail aos servizos técnicos do Concello e persoal do Refuxio. A maiores presentará informes mensuais e anual, nas que se indiquen tamén zonas conflictivas e zonas de batida.

A Xestión deste Servizo estará suxeita á fiscalización Municipal; a este fin o contratista deberá facilitar cantos datos lle sexan requiridos en relación ao servizo.

Se debería valorar a implantación de normas de calidade coma UNE-EN-ISO 14001, e certificacións como ISO 9001 ou EMAS.

Se valorará a experiencia no sector do prestador no servizo.

O importe anual do servizo, pódese estimar en **44767.85 €** IVE incluído segundo o concluído do estudio dos custe do servizo para este ano.

Unidade movil:

Valor de Compra: entorno os 19.200,00 €.

Cun tempo de amortización de 5 anos.

Valor residual: 20 % del valor de compra = 3.000 €.

Depreciación: $(19200-3000) / 5 = 3240,00 €$

Carburante:

Actualmente está o litro a 1.46 €/L (prezo previsto para o 2015 es 1.55 €/L)

Considerando un incremento máximo del 10 % para el 2015: $1.55 \times 1.10 = 1.705 €/L$

Prezo medio perante 2013: $(1.46 + 1.705)/2 = 1.58 €/L$

Consumo medio de unos 8 litros cada 100 Km. E un percorrido de 30.000 Km, o custe sería $30.000 \text{ Km} \times 0.08 \text{ (Rendimiento)} \times 1.58 €/L = 3792 €$.

Lubricante:

Para 30.000 Km se estiman necesarios 3 cambios.

3 cambios X 119.27 € = 357.81 €

Neumaticos:

4 pneumáticos x 141.42 € = 565.68 €

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI05M	CON/7/2014	17-02-14 13:26

Mantemento e reparacións:

A incidencia unitaria do custe de reparacións, segundo todos os estudos consultados, non será nunca superior ó 7 % do valor repercutido. Polo tanto:

$$7 \% \times 19.200 \text{ €} = 1344.00 \text{ €}$$

Outros Gastos:

Neste apartado convén facer notar que as reparacións xa están valoradas imposto de circulación 100 € e 25 € anuais para xestión.

$$100 + 25 = 125 \text{ €}$$

Seguros:

1900.00 € ano 2014

Telefonía mobil:

Actualmente se estima un custe de 50.00 € mensuais incluíndo os custes de linea e chamadas (prezo previsto para o 2014 e 50.00 € mensuais)

Anualmente sería un 600.00 €

Personal:

Seguridade social e salarios.

Cun salario bruto mensual do traballador de 870 €, en 14 pagas 12180 € e con seguridade social 16132.41 €/ano.

O traballador que substitúe nos meses de vacacións suporía un custe de 1152.32 €

O Custe total dos contratos e de 17284.73 € ano.

Custes de finalización de contratos, resultando a cantidade 251.33 €.

O Custe total e de 17536.06 € / ano.

ORZAMENTO

UNIDADES	DESCRIPCIÓN	PREZO(€)	TOTAL (€)
----------	-------------	----------	-----------

Documento	Expediente	Fecha
CONYI05M	CON/7/2014	17-02-14 13:26

CAPITULO I: UNIDADE MOBIL			
1 Ud	Unidade móbil	3240	3240
1 Ud	Carburante	3792	3792
1 Ud	Lubricante	357.81	357.81
1 Ud	Neumaticos	565.68	565.68
1 Ud	Mantemento e reparacións do vehículo do vehículo	1344	1344
1 Ud	Outros Gastos	125	125
1 Ud	Telefonía movil	600.00	600.00
1 Ud	ADSL, 3G, UMTS.	943,2	943,2
1 Ud	Seguros	1.900	1.900
CAPITULO II: FUNXIBLES			
	Material funxible requirido para prestación do servizo	1.279,66	1.279,66
	Funxible de oficina	393	393
	Funxible de desinfección e limpeza	1256	1256
CAPITULO III: PERSOAL			

Documento	Expediente	Fecha
CONYI05M	CON/7/2014	17-02-14 13:26

	Seguridade social e salarios	17536.06	17536.06
	Total sen IVE		33332.41
	Gastos y administración (5 %)	1666.62	1666.62
	Beneficio (6%)	1999.19	1999.19
	Total con IVE	44767.85	44767.85

PROPOSTA DE MELLORAS:

- 1.- **Asistencia veterinaria de urxencia..**
- 2.- **Campañas de control e captura de colonias de cans e gatos.**
- 3.- **Campañas de captura de colonias de pombas:**

As continuas queixas e denuncias veciñais chegadas o Concello de Santiago de Compostela por parte de persoas afectadas pola presenza de bandos numerosos de pombas nas inmediacións das súas vivendas (dyeccions, malos olores, ruído, etc.), causada pola "mala costume" de algún veciño que diariamente ofrece abundante alimento as pombas conseguindo que se "fixen" nesos determinados lugares dun modo máis ou menos continuo no tempo.

Os obxectivos que perseguidos, son os seguintes:

- Redución da poboación de pombas nos puntos conflictivos, e indirectamente redución do tamaño poboacional de toda a cidade. A conseguir mediante o trampeo en vivo de individuos.
- Minimizar as molestias ocasionadas os cidadáns. Como efecto indirecto tamén se rebaixarían as molestias no resto da cidade.

Trampeo de individuos:

Os traballos de captura de pombas se desenvolverán con total discreción dos mesmos ante a cidadanía para evitar no posible calquera tipo de conflictividade social cara estes métodos de control.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI05M	CON/7/2014	17-02-14 13:26

O método de captura a empregar será a ubicación nas proximidades de punto de concentración de pombas (azoteas o terrazas del edificio afectado o aledaños), de *1 trampa de vivo fixa* para a captura selectiva de individuos que acudan a ela polo reclamo alimenticio controlado posto no se interior. O lugar onde se instalará a trampa de vivo será elixido pola súa *idoneidade* para a captura de pombas, pola súa *accesibilidade* e pola su *discrecionalidade*.

Se realizarán *visitas periódicas* de mantemento da trampa de vivo móbil durante o tempo que dure o servizo, para retirar as pombas do seu interior e manter o aporte de auga e comida.

A empresa informará a administración municipal o finalizar as labores de control de dita poboación de pombas, das actuacións levadas a cabo no seu momento e dos resultados del control poboacional.

Este informe aportará o seguinte:

- Resultados das xornadas de trampeo realizadas.

Así mesmo, os datos técnicos ou calquera información obtida durante a actuación, serán **propiedade da administración municipal**, garantindo unha total discreción dos mesmos. Será necesario o consentimento expreso do concello para facilitar calquera tipo de dato no trato cos medios informativos, outras empresas, particulares, etc. (excepto a información que nos sexa requirida por parte da Xunta de Galicia para la tramitación das autorizacións pertinentes para ditos traballos).

Las pombas capturadas se enviarán a un pombal autorizado coa súa autorización de núcleo zoológico con todas as garantías hixiénico -sanitarias pertinentes.

4.- Campañas de afastamento de estorniños

Os problemas que ocasionan as concentracións invernais de Estornino Pinto (*Sturnus vulgaris*) en moitos parques e xardíns urbanos son xa suficientemente coñecidos en moitas cidades da xeografía española e na nosa en particular.

A escala temporal a su acción se reduce os meses de invernada. A escala espacial os seus asentamentos están localizados nas zonas axardinadas do casco urbano (árbores de distinto porte).

Pero estas restricións temporais e espaciais se ven descompensadas polo excesivo do seu número (bandos de ducias de miles de individuos en moitos casos), chegando a ocasionar molestias moi importantes a causa do ruído (o entrar nos durmideiros comunais o anoitecer e saír o amencer), e debido as súas dexestións (utilizan xardíns urbanos moi frecuentados polos cidadáns).

Os durmideiros ata agora utilizados polos estorniños na cidade de Santiago de Compostela posúen unhas características peculiares cada un deles; pero algúns con un índice de usuarios moi alto a

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONYI05M	<i>Expediente</i> CON/7/2014	<i>Fecha</i> 17-02-14 13:26

todas as horas do día, con unha gran vulnerabilidade do medio físico do parque (debida a situación dos árbores afectados e a natureza do solo), con agravantes como a su localización na cidade e o estar rodeados de edificios próximos (que soportan un alto índice de rúidos), necesitan unha actuación que permita polo menos un afastamento do 80 % da poboación inicial de estorniños de estes enclaves en menos de 4 semanas.

Actuacións de control:

A metodoloxía a empregar para lograr o desprazamento e expulsión dos estorniños dos durmideiros urbanos de Santiago de Compostela, será a utilización dun sistema de sons de alarma dentro dos propios durmideiros co fin de asustar afastar os estorniños que se atopan durmindo nos mesmos. Cando a poboación migradora de estorniños se concentre a partires do mes de outubro na cidade de Santiago e toda a poboación se instale nos parques e xardíns da cidade, se procederá a súa expulsión con visitas diarias continuas.

Unha vez desprazados de estes parques e xardíns da cidade, se procederá a realizar un seguimento quincenal de estes lugares, para evitar que se instalen novamente os estorniños, e ter controlado en todo momento o posible asentamento de novos grupos de individuos.

Si se dera o caso dun desprazamento dos estorniños a outras zonas verdes da cidade con una estrutura del arborado que permita o seu asentamento se valoraría a súa conflictividade social antes de decidir si se debe intervenir sobre ellos.

Si non representa una molestia os cidadáns do entorno nin os usuarios dos mesmos no debería realizarse ningunha visita de control, para que servira como durmideiro alternativo os que presentan problemas.

Se polo contrario se considera que a presenza nocturna dos estorniños e prexudicial ou molesta, se procederá a súa expulsión nos días seguintes a seu asentamento.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014.



Xefe de Sección de Biodiversidade e Educación Ambiental
Angel Perez Otero